A partir da creación do xardín de bolboretas de Can Miravitges creouse a asociación Cistus que se dedica á difusión e asesoramento sobre os xardíns de bolboretas e insectos e as actividades que se poden realizar neles a partir desta difusión xa se crearon varios xardíns de bolboretas en Cataluña (escolas de natureza, centros escolares, espazos públicos de concellos) mesmo en proxecto hai asociacións que propoñen crear xardíns en espazos privados como hotéis e restaurantes.

## Bibliografía

- TOLMAN, T e LEVINGTON R. 2002. *Guía de las mariposas de España y Europa*. Lynx Edicions.
- CARCELLER, F. (Coor.) 2003. *El medi Natural de la Serralada de Marina*. Ayuntamiento De Badalona.
- CARCELLER F., GALCERÁN G e SEDDOM K. 2002. "Butterfly sight". *Projecte educatiu europeu. Estudi de les papallones diürnes del Parc de la Serralada de Marina. Recerca i innovació a l'aula de Ciències de la Natura* pp 334-343. Balaguer.
- PARMESAN C, RYRHOLM N, STEFANESCU C. et al 1999. "Polewar shifts in geographical ranges of butterfly species associated with regional warming". *Nature*, 399:579-583
- POLLARD E. e YATES T.J. 1993. *Monitoring butterflies for ecology and conservation*. Chapman and Hall, London.
- IGLESIAS X.L. e ASTOR CAMINO X.1992. *Guía das bolboretas de Galicia*. Ed Xerais.
- MORTERA H. 2007. *Mariposas de Asturias*. Consejería de Medio Ambiente y desarrollo rural del principado de Asturias. KRK ediciones
- ALBOURY, V. 2002. *Le jardin des insectes*. Ed Delachaux et Niestlé.Paris



Kalapalo Kuarup (Brasil)

© Vitor Nogueira

## O Parque de Collserola, unha ferramenta de xestión e educación ambiental

### *The Collserola Park, a tool in management and environmental education*

*Montse Ventura i Cabús e Roser Armendares i Calvet. Servizo de Uso Público, Difusión e Educación Ambiental-Consortio del Parc de Collserola (Cataluña-España)*

#### **Resumo**

*Vinte anos despois da aprobación do Plano Especial de Ordenación e Protección da Serra de Collserola, continúan vixentes os obxectivos establecidos referentes ao mantemento da estabilidade dos sistemas naturais, a preservación da diversidade biolóxica e paisaxística, a conservación do patrimonio cultural e a posibilidade de ofrecer novas oportunidades para o ocio e a aprendizaxe. Neste contexto, concebir a educación ambiental como parte integrante da planificación e da xestión do Parque, resultou ser unha estratexia fundamental para establecer canles de complicidade cos usuarios na preservación dun espazo protexido enclavado na zona cunha maior densidade de poboación de toda a conca mediterránea.*

#### **Abstract**

*20 years after the approval of the Special Programme of Planning and Protection of the Serra de Collserola, the objectives established with reference to the maintenance of the natural systems stability, the biodiversity and landscape preservation, the culture heritage conservation and the possibility of leisure and learning opportunities still prevails. In this context, environmental education becomes an integral part of management planning within the Park, an strategy to establish user group complicity in terms of preservation of a protected area set in the most populated region of the Mediterranean basin.*

#### **Palavras chave**

*Educación ambiental, diversidade biolóxica, voluntariado, sistemas naturais, xestión ambiental, conectividade, participación cidadá, sensibilización.*

#### **Key-words**

*Environmental education, biodiversity, volunteering, natural systems, environmental management, connectivity, public participation, sensitivity*

## O Parque de Collserola

---

O Parque de Collserola é un espazo natural protexido de aproximadamente 8400 hectáreas, 6500 das cales son de solo forestal. Os ríos Besós e Llobregat, a chaira de Barcelona e a depresión do Vallés, constitúen os límites naturais do macizo de Collserola. Un macizo antigo, duns 500 millóns de anos de antigüidade e por conseguinte, de alturas discretas e de porte suave. O Tibidabo, con 512 metros de altura, é o seu cumio máis alto, doadamente recoñecible e visible polo templo que o culmina e a próxima torre de telecomunicacións.

É unha illa verde totalmente rodeada da trama urbana dos nove municipios que teñen territorio no Parque. Áchase no medio da Área Metropolitana de Barcelona que con máis de 3 millóns de habitantes e 633 km<sup>2</sup> é unha das zonas máis densamente poboadas da ribeira mediterránea.

Este territorio natural sobrevive malia a gran presión de infraestruturas que o illan e dividen. Ademais das cidades, das autoestradas e das vía de circunvalación que o encerran totalmente, hai urbanizacións e estradas no seu interior que o fragmentan. E, a pesar de todo, Collserola aínda sorprende pola diversidade de especies e pola calidade dalgúns dos seus ecosistemas.



A serra ofrécenos un mosaico de paisaxes, debido, por unha banda á actividade humana multiseccular e, pola outra, ao seu relevo que conforma abas soleadas e avesías, pequenos vales e fondais. Os piñeirais de piñeiro carrasco con sotobosque de aciñeiral son a formación maioritaria. Trátase de bosques explotados en que se favorecía o piñeiro polo seu rápido crecemento. Os aciñeirais e aciñeirais con carballos ben constituídos son máis escasos e áchanse principalmente no avesedo. Outras formacións que atopamos son: piñeirais de piñeiro manso, bosques de ribeira, maquias, matogueiras, prados sabanoides e cultivos.

Este mosaico de ambientes ofrece un grande abano de recursos e posibilidades que permiten a presenza dunha gran diversidade de especies animais. Hai 27 especies de mamíferos, entre os que destacan o xabaril –poboación que foi aumentando nos últimos tempos–, os esquíos, os coellos, os raposos, as xenetas, os teixugos –nestes momentos en regresión–, as garduñas e as donicelas. As aves están amplamente representadas: ferreiriños, currucas, gabeadores comúns, picos, meixengras, pombas e tamén rapaces como o azor, o gabián e o rateiro común e 27 especies diferentes entre anfibios e réptiles.

A serra estivo habitada desde moi antigo e ten un importante patrimonio construído que vai desde restos da cultura ibérica,

a castelos medievais, ermidas, masías e fontes, até valiosas edificacións modernistas. Á súa vez, Collserola foi usada tradicionalmente como espazo de recreo ao aire libre, tanto para actividades individuais como para celebracións populares masivas.

## O Plano especial de ordenación e protección do medio natural do parque de Collserola

---

En outubro de 1987 aprobouse o Plano especial de ordenación e protección da serra, que ten como obxectivos prioritarios: manter a estabilidade dos sistemas naturais, preservar a diversidade biolóxica, preservar o patrimonio cultural e paisaxístico, e ofrecer novas oportunidades para o lecer e a aprendizaxe.

O plano fai unha clasificación de zonas segundo natureza e uso. Así, por exemplo, nas zonas naturais o obxectivo principal é o de potenciar os sistemas naturais polo seu papel ecolóxico e o único uso recomendado son os itinerarios a pé de carácter naturalista. En cambio, as zonas seminaturais poden acoller un uso de recreo máis intenso sempre compatible coa preservación da paisaxe. Define unhas áreas de tratamento singular en que se actúa especificamente para preservar o

patrimonio arquitectónico e paisaxístico, para facilitar o ocio e a educación. Clasifica os elementos construídos e regula os posibles usos. Tamén define unha rede viaria xerarquizada, instrumento que permite facer accesible determinados lugares e evitar a frecuentación en espazos máis fráxiles.

### Xestión e organización

A xestión corre a cargo do Consorcio do Parque de Collserola, organismo autónomo integrado pola Deputación de Barcelona, a Mancomunidade de Municipios da Área Metropolitana de Barcelona e os nove municipios con territorio dentro do Parque.

Para alcanzar os obxectivos do plano, os servizos técnicos do Consorcio organízanse en cinco liñas de traballo:

#### **Xestión e administración do patrimonio.**

Para poder actuar claramente na dirección de conseguir os obxectivos do parque, trabállase por un lado, en configurar un patrimonio de solo público que permita actuar con claridade e, por outro, desenvolver convenios con outras entidades e institucións, e tutelar e colaborar cos propietarios privados.

#### **Tutela e soporte na planificación urbanística.**

Unha das funcións do Consorcio é a de informar con carácter previo sobre calquera proxecto de actuación urbanística que se desenvolva dentro do ámbito do parque.

**Esquema Organizativo do Consorcio do Parque de Collserola**



**Intervención sobre os sistemas naturais.** Fanse actuacións co fin de evitar a degradación do medio natural, de potencialo e melloralo. Realízanse estudos de investigación naturalista que permiten facer unha mellor xestión. O dispositivo de prevención de incendios é a actuación que leva consigo máis esforzo orzamentario.

**Desenvolvemento dos espazos e elementos construídos.** Adecúanse os espazos e equipamentos do parque para o uso público. Establécese e mantén unha rede viaria básica que define percorridos e regula a accesibilidade aos diferentes lugares.

**Uso público e educación ambiental.** Xa, nos seus inicios, se considerou a educación ambiental como un instrumento básico na xestión do Parque: cumpría que o espazo protexido se dese a coñecer para conseguir a colaboración e a complicidade dos cidadáns na súa conservación. Por unha banda, regúlase as actividades que se realizan para que sexan compatibles coa conservación e mellora do medio natural. Pola outra, desenvólvese o Proxecto de educación ambiental do Parque.

Como xa se dixo, o carácter metropolitano do Parque de Collserola é un dos seus trazos característicos e quizais o que máis o distingue doutros parques situados en áreas pouco poboadas. O día a día na xestión do Parque significa ter que resolver temas tan diversos como: construcións

non-autorizadas, instalación de tendido eléctricos, apertura de novas vías de comunicación, hortas ilegais, caza furtiva, incendios forestais, vertedura de residuos, actos vandálicos etc.

Á súa vez, tamén é necesario formularse a xestión do parque desde unha perspectiva máis ampla. Despois de 20 anos de plano especial, a conservación e mellora dos ecosistemas continúa a ser un reto importante. Sábese que a fragmentación dos hábitats e o illamento son a primeira causa de perda de biodiversidade nos países desenvolvidos industrialmente. Nestes momentos a presión urbanística nos límites actuais e de novas infraestruturas de transporte, tanto no seu interior como na súa periferia, condiciona fortemente o futuro de Collserola. Cada vez é máis necesaria e urxente a planificación do territorio no seu conxunto e incorporar criterios de protección ambiental para promover estratexias dirixidas a conectar o Parque con outros espazos naturais e mais a evitar a súa fragmentación.







- Revalorizar o papel dos espazos naturais en todas as súas dimensións: tanto ambientais como sociais.
- Promover o coñecemento, a sensibilidade e o aprecio da cidadanía con respecto aos valores naturais, paisaxísticos e de patrimonio do Parque de Collserola.
- Facer compatibles os usos do Parque coa conservación e mellora do medio natural.
- Evidenciar a interdependencia entre as persoas e a natureza, así como os efectos sobre o ámbito, que xeran os estilos de vida actual.
- Capacitar para a corresponsabilidade no uso sostible dos recursos.
- Promover procesos de participación como unha ferramenta de xestión necesaria para poder abordar os retos ambientais actuais.

Cinco áreas de traballo desenvolven as devanditas liñas estratéxicas:

sobre os valores que hai que ter en conta, e para conseguir un aumento da colaboración entre a cidadanía e a administración tutelar.

O Servizo de Uso Público, Divulgación e Educación Ambiental do Consorcio do Parque de Collserola ten como obxectivo primordial desenvolver as liñas estratéxicas en que se basea actualmente o proxecto educativo, a saber:



1. Información e comunicación
2. Regulación e control do uso público
3. Formación e capacitación. Centros educativos do Parque
4. Promoción da participación e voluntariado
5. Investigación e avaliación

## Información e comunicación

As tres principais premisas que orientan as actividades desenvolvidas pola Área de Información e Comunicación son: ofrecer información actualizada e de utilidade sobre o Parque, transmitir mensaxes de sensibilización que impliquen o usuario na adquisición dun compromiso de preservación e promover o coñecemento do ámbito natural para favorecer a un uso respectuoso. Para iso conta cos centros e puntos de atención ao visitante e cunha ampla e coidada política de comunicación institucional.

### ATENCIÓN ÁS PERSOAS VISITANTES

O Centro de Información, no sector central do Parque, é porta de entrada e punto de referencia dos visitantes. Aberto desde 1990, cunha afluencia anual aproximada de 18 000 usuarios, ten como función básica a recepción dos visitantes do Parque. Entendendo que o proceso de recepción inclúe ademais dunha primeira fase de acollida, a información e o asesoramento e tamén a atención e resolución das consultas.

Os servizos que ofrece o Centro de Información son diversos: atención personalizada, exposicións e sala multimedia, consulta e venda de publicacións, itinerarios sinalizados, axenda de actividades trimestrais, actividades dirixidas para todo tipo de usuarios, canle de comunicación permanente e persoal especializado.

No sector nordés do Parque, o Centro de Educación Ambiental Can Coll, convértese os días festivos noutro dos puntos informativos e de atención ao visitante de Collserola. Ofrecendo visitas guiadas á masía e ás súas exposicións, á granxa, visitas ornitolóxicas á Feixa dels Ocells (no outono e no inverno), visionamento de proxeccións audiovisuais e itinerarios polo ámbito. Ao redor de 10 000 persoas visitan anualmente este centro, gozando gratuitamente de todos os seus servizos.

Mención á parte merecen as matinais dominicais que tres veces ao ano se organizan en Can Coll. Actividades educativas e lúdicas, gratuitas e dirixidas a todo tipo de público, que xiran ao redor dos valores naturais de Collserola e que pretenden encamiñar os participantes cara a un tipo de vida máis sustentable coa preservación ambiental. Este ano organizouse: Día Mundial das Aves, con asistencia dunhas 450 persoas. Obradoiros de Nadal para un consumo responsable e solidario, nos cales participaron 600 persoas e Festa da Primavera, dedicada ás

plantas aromáticas e aos remedios naturais, cunha asistencia de 700 visitantes.

Así mesmo, e co obxectivo de que a información do Parque chegue a un máximo de público posible, estableceuse unha rede de equipamentos e entidades que dispoñen de información xeneralista sobre Collserola. Esta rede, tramada basicamente dentro dos límites do Parque, está formada por oficinas de turismo, oficinas de información municipal, museos e evidentemente polos diversos equipamentos (públicos e privados) existentes en Collserola: áreas de lecer, restaurantes, merendeiros, hípicas, centros lúdicos etc.

## COMUNICACIÓN

Ferramenta capital e imprescindible nos procesos que pretenden incidir en cambios de actitude e na procura de pautas de conduta concordantes coa salvagarda do ámbito. Desde os Servizos Técnicos do Parque desenvólvense accións comunicativas destinadas a:

- proporcionar información básica e de servizos
- popularizar e sensibilizar
- facilitar a comprensión e o coñecemento das características e valores do Parque
- explicar a xestión
- establecer canles de relación coa cidadanía

Estas accións comunicativas concréntanse, desde o punto de vista divulgativo en: sinalización de camiños e sendeiros, paneis interpretativos en miradoiros e áreas de recreo, puntos de información dentro e nos arredores do Parque, instalacións para a observación ornitolóxica, panorámicas paisaxísticas, exposicións, presenza en medios de comunicación (sobre todo locais), participación en feiras, xornadas, congresos, mantemento dunha páxina web institucional etc.

E entendendo que as publicacións son vehículos de comunicación “en diferido” que lle permiten ao usuario dispoñer da información no momento que desexar e ao nivel que lle for conveniente, ao longo da historia do Parque establecéronse diferentes grupos de publicacións de acordo coa súa función e contidos:

- De información xeral: Boletín trimestral, plano guía, folleto do Parque de Collserola
- De popularización do Parque: Com conviure amb el senglar a Collserola, A Collserola Tu, sí, Atila, no, Què cal fer quan trobem un animal salvatge ferit?...
- De orientación para realizar actividades no Parque: Passejades a l'entorn del CI, A peu per Collserola, Descubreix Collserola amb els Voluntaris, Parc de Collserola en bicicleta de muntanya...
- De carácter educativo: El Curs al Parc e mais a colección de informes de traballo para os mestres.



- De carácter institucional: as memorias de xestión anuais, as ordenanzas do Parque...
- Para afondar no coñecemento do Parque: Guia de Natura de Collserola, CD interactivo sobre “Ocells de Collserola” e “Papallones de Collserola”, fichas de recoñecemento de plantas e paxaros de Collserola.

## Regulación e control do uso público

Temos que en Collserola a regulación e control do uso público se encamiña a xestionar as solicitudes de actividades lúdicas dentro do Parque, a establecer as condicións específicas para axustalas aos parámetros de conservación do ámbito e a promover unha relación directa co usuario. Sempre se busca garantir a conservación dos recursos por medio de mensaxes educativas e utilízase a interpretación

do patrimonio como estratexia de comunicación.

A filosofía básica para esta regulación e control é o interese en propiciar a colaboración e non a confrontación, aproveitar a ocasión para informar e educar e, nomeadamente, para establecer canles de complicidade cos usuarios na protección do Parque.

Por termo medio, ao longo dun ano infórmanse e tramitan ao redor de 120



autorizacións, de diversos tipos de actividades, así por exemplo en 2007 concedéuselles autorización a 38 marchas a pé ou excursións, 40 filmacións de películas e anuncios, 22 romaxes ou “aplecs”, 17 excursións en bicicleta ou a cabalo e 2 actividades científicas.

## Formación e capacitación.

### Centros educativos do Parque de Collserola

A educación ambiental, dirixida a todos os públicos, é a ferramenta fundamental para lograr divulgar os valores do Parque de Collserola e para traballar na súa conservación. Desde os diferentes centros do Parque ofrécense un programa anual de actividades, co fin de diversificar a oferta en función dos seus destinatarios e das súas expectativas de formación.

### Centro de Información

Alén do seu carácter básico como centro de atención do visitante, o Centro de Información ofrece, dentro do Proxecto educativo do Parque, un conxunto de actividades guiadas para grupos, que representan, en moitas ocasións, o establecemento dun primeiro contacto coas realidades de Collserola. Unha mostra destas actividades, agrupadas baixo o título xenérico “Pasear e descubrir”, son:

- *O bosque de Collserola*, para nenos de 4 a 8 anos.



- *O aciñeiral de Collserola*, para alumnos de 8 a 10 anos e de 10 a 12 anos.
- *O avesedo de Collserola*, para estudantes de 12 a 16 anos.
- *Os ambientes naturais de Collserola*, para grupos de bacharelato, de ciclos formativos e tamén para adultos.
- *Matinais en Collserola*, itinerarios a pé para descubrir os ambientes mediterráneos. Ofrécense para grupos de bacharelato, de ciclos formativos e para adultos.
- *Collserola tour*, unha excursión en autocar e a pé que facilita a interpretación da paisaxe, deseñada para grupos de bacharelato, de ciclos formativos e adultos.
- *Noites de astronomía*, sesións de iniciación á observación do ceo nocturno, ofrécense para grupos de bacharelato, de ciclos formativos e tamén para adultos.
- *A masía de Can Coll*, para grupos de adultos.

Durante o período estival ofrécense tamén, para grupos organizados, actividades lúdicas que teñen os valores naturais de Collserola como protagonistas absolutos.



En todas estas propostas participan ao longo do ano uns 350 grupos con ao redor de 8500 persoas. Ademais, uns 3200 participantes realizan anualmente visitas en grupo ás instalacións do Centro de Información ou solicitan sesións específicas de presentación do Parque, das súas problemáticas e da xestión desempeñada para a súa salvagarda.

### CAN COLL CENTRO DE EDUCACIÓN AMBIENTAL

Situado nunha fermosa masía do termo de Cerdanyola del Vallès, foi o primeiro equipamento aberto polo Parque de Collserola. Funciona desde novembro de 1988 ofrecendo un extenso programa educativo e actividades para todos os públicos que convidan a aprender e a



gozar do Parque, tendo sempre en conta a preservación dos seus valores naturais. A validez e actualidade da oferta de Can Coll queda avalada polos preto de 26 000 usuarios que anualmente traballan ou visitan o centro.

A oferta educativa de Can Coll ten como referencia estrutural o sistema educativo formal. Ofrécense máis de 20 programas diferentes, con propostas particulares dependendo do ciclo formativo dos alumnos, que abranguen desde os 2 até os 16 anos. As propostas de traballo son dun día de duración no Parque, mais poden representar diversas xornadas de traballo na escola e deben estar previamente preparadas conxuntamente entre os mestres ou profesores e o equipo de educadores do centro.

Baixo o título común de Aproximarse e coñecer ofrécense os programas:

*Experimentar:* na granxa, no bosque, na masía, para alumnos de 2 a 7 anos.

*Traballar:* en Collserola, para nenos e nenas de 3 a 7 anos.

*Aproximarse:* ao mundo rural, á fauna, ao ambiente de ribeira, á masía, para alumnos de 8 a 9 anos.

*Aproximarse:* ao mundo rural, á fauna vertebrada, á historia, á vexetación, para alumnos de 10 a 12 anos.

*Traballar:* na paisaxe, coas plantas do aciñeiral, para alumnos de 8 a 9 anos.

*Traballar:* na paisaxe, para alumnos de 10 a 12 anos.

*Descubrir:* a vexetación, o medio natural, para alumnos de 12 a 16 anos, para ciclos formativos e para grupos de adultos

*Traballar:* sobre o terreo, para alumnos de 12 a 16 anos, para ciclos formativos e para grupos de adultos.

*Collserola ao teu alcance,* para os colectivos de educación especial, de todas as idades.

E co obxectivo de “Implicarse” no funcionamento do Parque, ofrécense en todos os equipamentos:

*Coidamos a Terra, coidamos Collserola,* un programa que busca a implicación da comunidade educativa no proxecto de conservación do Parque e da Terra en xeral e no que poden participar deas dun ciclo até toda unha escola (de 3 a 12 anos).

*Programas de colaboración,* xornadas de participación para grupos de estudantes ou de adultos, que queren participar no mantemento e xestión de Collserola.

Todos estes programas teñen como protagonistas, as actividades en contacto directo co medio e a preservación dos valores de Collserola. As propostas didácticas deseñáronse de xeito que se convertan en experiencias positivas na vida do alumnado e así leve consigo cambios individuais e colectivos. En Can Coll CEA trabállase co convencemento que a orixe do compromiso vital e profesional sobre o medio, provén dos vínculos emocionais que se establecen desde o inicio mesmo da vida.

Ao longo do curso escolar uns 12 500 alumnos enchen o centro de vida, de alegría e de actividade, mais o equipo de educadores ten sempre presente que o esforzo principal debe dirixirse aos diferentes colectivos de



formadores (mestres, profesorado, futuros profesionais, dinamizadores...) xa que serán eles, a xeito de “altofalante”, os que amplificarán a mensaxe de protección de Collserola e lle darán continuidade, forza e validez. Durante o curso actual colaborouse con máis de 200 mestres e profesores e cuns 400 alumnos universitarios. Tamén se acolle, no seu período de prácticas, estudiantado universitarios e de ciclos formativos, e cédense as instalacións e o ámbito próximo para realizar sesións científicas, de investigación e de estudo.

Darlle relevancia ao carácter plurimunicipal do Parque de Collserola é un dos mandatos do Plan Especial. Desde Can Coll CEA dáselles prioridade a todas aquelas iniciativas de traballo que presenten os concellos dos municipios do Parque e tamén aquelas institucións que conforman o tecido asociativo de Collserola.

### **AULA DE CAN BALASC**

A Aula de Can Balasc foi inaugurado no ano 2006 e é o novo ámbito de traballo que permite desenvolver programas educativos dirixidos ao bacharelato, ciclos formativos de grao superior e universitarios.

As propostas educativas que se realizan quedan agrupadas baixo o título xenérico de “Investigar e afondar” e nelas pódese participar en:

*Investigación sobre o bosque*, que incide na xestión dos espazos naturais, a partir

do estudo da estrutura e dinámica da vexetación dun bosque.

*Investigación faunística*, que trata o tema da importancia da biodiversidade, a partir do estudo da estrutura da vexetación e a súa correlación coa poboación ornitolóxica.

Tamén se deseñan propostas específicas como presentacións do Parque ou sesións sobre temas concretos a petición das persoas responsables de cada grupo. De forma paralela realízanse asesoramentos a profesores e alumnos para a realización dos traballos de investigación do bacharelato ou proxectos de fin de carreira. A xeito de exemplo, este curso colaborouse nos seguintes traballos:

- “Relación entre a vexetación dunha zona e as condicións ambientais”
- “Aves e estrutura da vexetación no val de Sant Just”
- “Incendios forestais. Comparación entre unha zona queimada e unha non queimada”
- “Comparación entre un bosque de solaina e un de aveseado”

### **Promoción da participación**

Colaboración e complicidade son os conceptos básicos en que se apoia a política de promoción da participación no ámbito do Parque.

Desde o Servizo de Uso público, Difusión e Educación Ambiental vanse desenvolvendo diferentes estratexias co fin de promover procesos de participación pública, entendidos como unha ferramenta imprescindible de xestión para poder abordar os retos ambientais actuais.

### PROXECTO VOLUNTARIOS DE COLLSEROLA

Iniciado en 1992, o Proxecto de Voluntarios de Collserola facilítalle á cidadanía un marco de participación, a título individual, de modo que se converte en lugar de encontro, traballo, formación e intercambio entre xestores, técnicos e cidadáns.

Esta colaboración concrétese na realización de tarefas de mantemento ou mellora dos espazos da Serra ou de divulgación dos seus valores naturais, sociais e patrimoniais. Os voluntarios comprométese a realizaren un día de servizo ao mes e a asistiren ás sesións de formación e intercambio que se realizan ao longo do ano. Este compromiso renóvase anualmente.



Durante 2007 incorporáronse os integrantes da 17ª promoción. Actualmente o colectivo está formado por aproximadamente 80 voluntarios, provenientes maioritariamente da Área Metropolitana de Barcelona.

Nesta última campaña, os distintos grupos de Voluntarios de Collserola participaron en:

- seguimento do crecemento dos repoboacións do Parque
- catalogación e mantemento de fontes
- control da distribución do ailanto, *Ailanthus altissima*
- limpeza de zonas do Parque moi frecuentadas e de difícil acceso
- revisión e mantemento da sinalización dos itinerarios a pé
- guía de itinerarios



- atención aos visitantes no Centro de Información e en Can Coll
- distribución das árbores singulares do Parque

### PROGRAMAS DE COLABORACIÓN CON ENTIDADES E ASOCIACIÓNS

Coa finalidade de favorecer a participación dos colectivos que manifestan querer implicar na xestión do Parque de Collserola, establécense liñas de colaboración que poden ser permanentes ou puntuais.

Asociados de entidades, como por exemplo DEPANA (Lliga per á Defensa do Patrimoni Natural) ou Voluntarios Forestais de Cataluña, colaboran durante todo o ano na reposición e mantemento das repoboacións existentes na serra. E tamén no mantemento de zonas concretas do Parque e en vixilancia de incendios a pé e en bicicleta. Como contrapartida, os membros destas asociacións poden asistir a algunhas das sesións de formación que se desenvolven desde o Proxecto de Voluntarios de Collserola.

### PROGRAMAS DE XESTIÓN PARTICIPADA

Facer da xestión do territorio unha ferramenta de participación e implicación persoal e colectiva, é o obxectivo que orienta os técnicos do Parque para favoreceren a participación en proxectos de conservación que afectan os sistemas naturais de Collserola.

Actualmente están a funcionar tres programas distintos:

- *Xestión participada da Riera de Vallvidrera*. Liderado conxuntamente polo Departamento de Ecoloxía da Universidade de Barcelona, pola Asociación Hábitats e polo Consorcio do Parque de Collserola. Ao longo do ano elaborouse o Programa de Medidas para a mellora da calidade ecolóxica da riera, a partir da diagnose sobre os impactos e agresións detectados. No proceso participaron 40 persoas representando 17 entidades da zona.
- *Proxecto Bici*. Iniciado en 2004 e promovido inicialmente polo Consorcio do Parque de Collserola e a Federación Catalá de Ciclismo, conta na actualidade coa participación de representantes de 27 entidades, responsables municipais ou de distrito e ciclistas usuarios do Parque, a título particular. Froito do traballo destes anos foi a edición do libro-guía Parc de Collserola en bicicleta de muntanya e a redacción do decálogo Boas prácticas en bicicleta en Collserola. O Proxecto funciona como espazo de diálogo para debater o uso da bicicleta no Parque e a súa convivencia cos outros usos tradicionais da serra.
- *Axenda 21. Plan de acción*. Programa promovido por Nacións Unidas para promover o desenvolvemento sustentable. O Parque de Collserola

asinou o Compromiso Cidadán para a sustentabilidade no marco da Axenda 21 de Barcelona. En 2006, a partir da reflexión colectiva do persoal do Consorcio, aprobouse o plano de acción para o período 2007-2009. Ten como acordos destacados iniciar accións para: ambientalizar os equipamentos do Parque, mellorar a xestión dos residuos en todo o ámbito do Parque, mellorar a eficiencia enerxética, reducir as emisións á atmosfera e a contaminación acústica no Parque, aplicar criterios ambientais na construción de novos edificios e nas remodelacións, e incorporar criterios ambientais e sociais nos contratos de obras e servizos e acordos de patrocinios.

### **PROGRAMAS DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL**

O obxectivo do programa é buscar ou acoller o compromiso ambiental das empresas sensibilizadas na conservación do ámbito. Iniciado o 1993 o proxecto formulou diferentes fórmulas de participación e colaboración co sector empresarial ofrecendo oportunidades, en forma de achegas económicas ou de servizos, para que as empresas ou institucións se impliquen directamente na xestión do Parque de Collserola.

Actualmente unhas 18 empresas ou institucións (Fundació “La Caixa”, Fundació Territori i Paisatge, Ferrocarrils da Generalitat, Abertis, Acycsa, Agbar, Caja Madrid, Caixa de Aforros do



Mediterráneo, Nissan, COM Ràdio, El Periódico de Catalunya...) colaboran co Parque e constitúen pezas fundamentais para podermos realizar diversos proxectos de investigación, de divulgación e de xestión propiamente dita.

### **Investigación e avaliación**

Investigar e avaliar son procesos fundamentais tanto para poder comprobar o grao de consecución dos obxectivos como para poder innovar e mellorar prácticas, servizos, propostas ou produtos. En ambos os dous sentidos, desde o Servizo de Uso Público, Difusión e Educación Ambiental (SUPDEA) do Parque de Collserola desenvolvéronse liñas de traballo internas, externas por encarga ou mixtas. No primeiro caso, procedeuse á avaliación sistemática dos programas, especialmente os programas educativos. No segundo, a estudos realizados por equipos profesionais que propoñen futuras actuacións ou reforzan propostas xa existentes. No terceiro caso leváronse a cabo proxectos de investigación entre técnicos do Parque e grupos universitarios.

Así mesmo, faise un esforzo permanente para incorporar no traballo diario as informacións xeradas polos estudos e investigacións que orientan a xestión do Parque, tanto desde o ámbito naturalista como o social. A existencia dun centro de recursos especializado en Collserola e na educación ambiental, o CDRE, converteuse na peza clave para a transmisión de coñecementos.

### **CENTRO DE DOCUMENTACIÓN E RECURSOS EDUCATIVOS (CDRE)**

Situado nas dependencias do centro de educación ambiental Can Coll, é un centro de documentación aberto a todas as persoas que necesitan información exhaustiva de Collserola por motivos de estudo, investigación ou traballo. E é un centro de recursos educativos dirixido aos usuarios que queren realizar traballos sobre o Parque desde as súas institucións e tamén a aqueles que queren realizar actividades educativas pola súa conta dentro dos límites do Parque.



Inaugurado en 1993, conta actualmente cun fondo documental con máis de 6500 documentos dispoñibles, especializado en Collserola e na educación ambiental en xeral (catálogo aberto a consultas na web institucional). Con bases de datos sobre o Parque de Collserola e sobre libros infantís e xuvenís que serven de axuda para os proxectos de educación ambiental. Tamén, con recompilacións de prensa sobre Collserola ou sobre temas ambientais destacables e cun fondo de publicacións periódicas sobre educación e/ou medio. Aténdense cada ano unhas 300 consultas, o 55% das cales son presenciais, e préstanse ao redor de 2800 documentos anuais.

As liñas de traballo que o CDRE ten formuladas son:

- Información e documentación: biblioteca especializada en Collserola e en educación ambiental. Servizo de asesoramento e empréstito.



- Elaboración e empréstito de materiais: experiencias didácticas, documentos de traballo, cartafolios temáticos, bibliografías específicas... E cada vez máis, materiais pedagóxicos de creación propia: Maletas contacontos, Baúl de expresión, bibliomóvil (colectores móbiles con recompilacións temáticas de libros, contos, CD, audiovisuais...), mochilas con instrumentos para medir parámetros ambientais...
- Difusión: a través da páxina web do Parque, dos boletíns informativos e de folletos e publicacións periódicas.
- Coordinación: con centros de recursos pedagóxicos, cos servizos municipais de educación, con bibliotecas e tamén con futuros educadores.

### ESTUDOS APLICADOS

Unha parte do orzamento do SUPDEA destínase anualmente á promoción de liñas de estudo e investigación cuxos resultados sexan aplicables á xestión do Parque e mais tamén á obtención de datos obxectivos para seguir traballando na liña de compatibilizar o uso do medio natural coa súa preservación.

Froito de diversos convenios, estanse a realizar actualmente dous estudos: "Frecuentación e mobilidade no Parque de Collserola" e "Estudo da capacidade de carga dalgún dos camiños máis transitados do Parque".

### Bibliografía

- CONSORCI DEL PARC DE COLLSEROLA (CPC) (2001): *Texto articulado de las Ordenanzas del Parque de Collserola: Estatutos del Consorcio del Parque de Collserola*. Barcelona: CPC.
- CONSORCI DEL PARC DE COLLSEROLA (CPC) (2008): *Parc de Collserola: Memòria de gestió 2007*. Barcelona: CPC.
- Las memorias de gestión de los últimos años están disponibles en [http://www.parccollserola.net/catalan/home/marcos\\_publicgestio.htm](http://www.parccollserola.net/catalan/home/marcos_publicgestio.htm)
- FRANQUESA, T. e CERVERA, M. (1993): *L'ús educatiu d'un recurs privilegiat: el Parc de Collserola*. En *Perspectiva social*, 32, páxs.105-127. Barcelona: ICESB.
- PATRONAT METROPOLITÀ PARC DE COLLSEROLA (PMPC) (1989): *Normes Urbanístiques*. Barcelona: PMPC.
- PATRONAT METROPOLITÀ PARC DE COLLSEROLA (PMPC) (1990): *Parc de Collserola: Plan Especial de Ordenación y de Protección del medio natural: Realizaciones 1983-1989*. Barcelona: AMB.
- PMPC; SERVEI DE PROMOCIÓ, DIVULGACIÓ I EDUCACIÓ AMBIENTAL (1997): *Collserola: Projecte d'Educació Ambiental*. Barcelona: PMPC [Col. Dossier del Mestre]. Disponible la versión en castellano.
- RASPALL, A.; LLIMONA, F.; NAVARRO, M.; TENÉS, A. (2004): *Guía de Natura del Parc de Collserola*. Barcelona: CPC.

Toda la documentación reseñada puede consultarse en la web del Parque de Collserola: <http://www.parccollserola.net/cdre>





Rikbatsa (Brasil)

© Vitor Nogueira

## A Interpretación do Patrimonio nos xardíns históricos con uso recreativo

### *The interpretation assets in historical gardens with recreational use*

*Juan Manuel Salas Rojas. EGMASA España)*

#### **Resumo**

*A interpretación do patrimonio pode ser unha boa maneira de facilitar as conexións intelectuais e emotivas entre o visitante e os significados dos xardíns. Os xardíns históricos son os susceptibles de ser visitados, tanto por dispor dunha infraestrutura que os fai accesibles como porque os usos permitidos teñan carácter marcadamente recreativo. Os visitantes que chegan a estos lugares non coñecen os seus valores patrimoniais e só teñen a intención de disfrutar de su tiempo libre, mais os xardíns históricos son algo máis que lugares para o esparcemento ao ár libre, o que xustifica as estratexias de comunicación propias da interpretación.*

#### **Abstract**

*The interpretation of an asset can be an excellent method to promote the intellectual and emotional connections between visitors and a garden's history. Historical gardens are visited as much for their accessible infrastructure as for its recreational use and when visitors arrive with the intention of enjoying their free time, they are usually unaware of the garden assets. However, historical gardens offer far more than just outdoor leisure, accounting for the importance of strategies for interpretation and communication.*

#### **Palavras chave**

*Xardín histórico, interpretación do patrimonio, ben público, uso público, planificación interpretativa.*

#### **Key-words**

*Historical garden, interpretation assets, public assets, public use, interpretative planning.*

## Introducción

---

Siempre que disfruto con el patrimonio de los jardines históricos de mi ciudad o de otras ciudades que he visitado, me hago las siguientes preguntas: ¿los visitantes en general llegan a establecer vínculos con los significados que poseen estos sitios? y ¿la interpretación del patrimonio podría servir para facilitar esta conexión?

No me cabe duda de que las respuestas no son fáciles, por un lado por la inexistencia de estudios sobre el comportamiento del público en estos espacios y por el otro por la ausencia de experiencias en las que se haya puesto en marcha la estrategia interpretativa. Aunque lo que si me atrevo a defender es que la interpretación del patrimonio puede ser una buena manera de facilitar las conexiones intelectuales y emotivas entre el visitante y los significados de estos jardines. Para ello me permito apoyarme en la hipótesis que defiende Troitiño para los destinos históricos: los visitantes que se acercan al patrimonio monumental para una experiencia cultural lo hacen superficialmente porque lo que prevalece en sus intenciones es disfrutar de su tiempo libre. Esta consideración me ayuda a pensar que si una de las premisas de la interpretación del patrimonio es que se da en situaciones en las que el visitante está sobre todo disfrutando de su tiempo libre, con toda probabilidad puedo decir que es una buena estrategia de co-

municación para ayudar a que el visitante “ocioso” conecte con el sentido de estos lugares.

Cuando hablo aquí de jardines históricos estoy pensando en aquellos que son susceptibles de ser visitados, tanto por disponer de una infraestructura que los haga accesible como porque los usos permitidos tengan carácter marcadamente recreativo. Esta situación es posible en aquellos jardines que no están encerrados en un recinto o que han quedado como espacios de transición en zonas monumentales. A éstos dos son a los que me refiero precisamente.

Para fundamentar esta perspectiva, me gustaría apuntar algunas ideas relativas a los significados de estos jardines históricos de “ocio” y abiertos, al público destinatario y a la estrategia interpretativa para que se produzca la conexión intelectual y emocional entre éstos y el público.

## A aptitude interpretativa dos xardíns históricos

---

El jardín, en un sentido amplio, es una expresión material de un ideal de la Naturaleza. Los materiales esenciales de esta materialización son las plantas. Los demás elementos constituyentes cobran importancia a partir de éstas y de sus configuraciones espaciales.

Cuando esta plasmación se vuelve arte, es porque el creador la ha impregnado de sentido y sensibilidad. No todos los jardines guardan estas cualidades. Algunos nos reservan una serie de valores culturales que lo convierten en únicos e irrepetibles. Cuando esto ocurre, tienen esencia propia y están cargados de símbolos. Otros son, sobre todo, parques, cuyo fin es de carácter eminentemente social y recreativo. En estos casos, quienes los conciben no pretenden que tengan un significado especial.

Como apuntan algunas referencias del ámbito cultural de reconocido prestigio, los jardines históricos son algo más que lugares para el esparcimiento al aire libre. Son bienes culturales sometidos a las mismas prerrogativas que otros bienes culturales. Como ejemplo está la declaración que el International Council of Monuments and Sites (ICOMOS) hace de los jardines históricos en la Carta de Florencia<sup>1</sup> (1982), *“un jardín histórico es una composición arquitectónica y vegetal que, desde el punto de vista de la historia o del arte, presenta un interés público”*. Este tipo de jardín sí es una creación artística<sup>2</sup>, aunque en algún

caso haya sido proyectado con un sentido utilitarista. Así, es fácil comprender la importancia que cobran otros matices en su definición, como puede ser el de carácter histórico. Por ejemplo, en la Ley de Patrimonio de Andalucía (1991) se apunta que los jardines históricos *“son los jardines de destacado interés por razón de su origen, su historia o sus valores estéticos, sensoriales o botánicos”*. Un buen compendio de propiedades que me sirve para justificar el acercamiento múltiple al sentido de estos lugares como así defendería una buena estrategia interpretativa de su patrimonio.

En lo relativo a los valores formales, aunque los jardines históricos de “ocio” de ciudades patrimoniales andaluzas como Sevilla tengan un cierto carácter ecléctico en su diseño, no me impide buscar elementos comunes que permitan aportarles una identidad, como así defendería cualquier estrategia interpretativa. En esta búsqueda, me adhiero a aquellas referencias que apuntan a que la esencia artística de estos espacios radica en un estilo hispanomusulmán o andalusí<sup>3</sup>, sobre los que se han superpuesto otros modelos o que son reinterpretaciones contemporáneas, aunque en su origen se diseñaran partien-

---

1. Esta Carta fue elaborada por el Comité Internacional de Jardines Históricos y adoptada por el ICOMOS-IFLA.

2 En la Carta de Florencia se apunta, además, que los jardines históricos son “Expresión de lazos estrechos entre la civilización o el ensueño, el jardín adquiere el sentido cósmico de una imagen idealizada del mundo, un “paraíso” en el sentido etimológico del término, pero que da

---

testimonio de una cultura, de un estilo, de una época y, en ocasiones, de la originalidad de un creador artístico”.

3 En su artículo El jardín histórico en Andalucía: reflexiones para una tutela del paisaje patrimonial. (Op. cit.), Antonio Tejedor Cabrera nos explica bastante bien este interesante enfoque.

do de cánones de inspiración romántica, rococó, inglesa, regionalista o del urbanismo francés.

En cualquier caso, aunque para construir la raíz estilística pudiésemos barajar la hipótesis de la herencia hispanomusulmana como germen que inspira un diseño común, no es este rasgo el único que determina el significado de estos jardines. Si nos quedamos en esta idea principal, no conseguiremos transmitir el sentido del lugar, porque a fin de cuenta no deja de ser nada más que un aspecto puramente descriptivo del estilo de los jardines. Para llegar a la esencia es necesario indagar en otros significados que tienen que ver, como apuntaría una aceptable estrategia interpretativa, con la relevancia que suponen para el visitante.

Hasta el momento las intervenciones realizadas para acercar este patrimonio al público tan sólo se han referido a aspectos puramente formales y estilísticos. Lo que podría despertar la conexión intelectual aunque en ningún caso la emocional. Si esta última no se da la interpretación es incompleta<sup>4</sup>.

Hay sin embargo otras razones por las que los valores patrimoniales de estos sitios tienen interés para la interpretación del patrimonio, y qué pueden aportar al proceso

---

4 MORALES MIRANDA, Jorge. *El sentido y metodología de la Interpretación del Patrimonio*.

de conservación del patrimonio como así dicta el fin último de la disciplina.

La interpretación en los jardines históricos puede contribuir a la comprensión del paisaje urbano, sensibilizando acerca de su importancia y la necesidad de conservación. El jardín se convertiría así, al igual que el paisaje, en un medio interpretativo para transmitir y sensibilizar sobre la necesidad de su preservación. En esta línea, conviene que recordemos a GONZÁLEZ BERNÁLDEZ<sup>5</sup> para reforzar la idea de que la percepción subjetiva representa un papel fundamental en la valoración que las personas hacen de los jardines históricos, suponiendo que éstos son "*reducidos paisajes culturales*". Los jardines representan el máximo de intervención y manejo humano de la Naturaleza. En ellos, es necesario el máximo de simplicidad posible para que persistan en el tiempo. Pero, además, el creador consigue llevar a cabo su idea guiado no sólo por estas circunstancias, sino "dirigido" por determinadas pautas perceptivas. En éstas, intervienen aspectos psicológicos, profesionales, culturales..., que emplearemos como referencias a la hora de elaborar la estrategia interpretativa. Así, las pautas de percepción subjetiva representarán un importante papel en la elección de las

---

5 GONZÁLEZ BERNÁLDEZ, Fernando (2002): "El orden de la naturaleza: aspectos subjetivos de la percepción del orden en nuestro entorno", En *Figura con paisajes. Homenaje a Fernando González Bernáldez*. Madrid: Fundación Interuniversitaria Fernando González Bernáldez. Páxs.: 156-165.

ideas significativas.

En el sentido que he apuntado, deberíamos tener en cuenta que el jardín histórico puede ayudar a leer y comprender que el visitante está habituado a ver. Por un lado, al ser el jardín histórico una representación imaginaria y sintética de la naturaleza, se sustenta en códigos perceptivos que son legibles por las personas. Por otro, representa diferentes escenarios naturales ideales y sencillos, que pueden ayudar a comprender los más complejos, representados por los paisajes. De esta forma, el jardín histórico puede entenderse como una etapa inicial para aprehender el paisaje habitual.

